

*O incendio das palabras*, galardoado co 25 premio Cidade de Ourense, é o noveno libro de poemas da autora de Román Raña. Nace polo tanto baixo auspiciosos números, toda vez que o 9, na cábala, corresponde ao home sabio, ao que é portador da luz que alumeará o camiño. Foi o seu carácter afirmativo, expresado con fermosas e suxerentes imaxes e oxímoros, que queren verbalizar o que é paradoxicamente inefábel, o que o fixo merecedor do premio.

Un sentimento de comunión cósmica e de amor panteísta ecoa por estes versos, nos que a presenza da morte non vén máis que

a afirmar o milagre do eterno renacer, a exultación dionisiaca, o cántico ardente e solar, pois se é certo que toda criatura é mortal e efémera, tamén é verdade que non hai ningún impedimento para a palabra, ningunha morte que a afecte, pois a Palavra crea o universo das ideas no que habitamos. Dende a solaina do presente, Raña mira para a infancia co anxeo de construír con ela a patria a futuro. Así, a auroral e inocente claridade da nenez convértese no atemporal territorio recuperado

# Panteísmo dionisiaco

## Dos incendios e das palabras

ÁNXELES PENAS

con “fatigosa alegría”. A fatiga, xa sabemos, é a dos anos que o trouxeron ata a meta de da vida e polos que pasaron dores e perdas, pero que é case un imperativo ético transformar en alegría. Se un día tivo “ todo o trigo nas mans”; é dicir, todo o esplendor

frutal e xenesiaco, “ toda a claridade do verán”, agora manda a obriga de seguir ardeando, de devolver os dons recibidos e comunicar a luz.

Os rotundos versos do primeiro poema resumen a filosofía do libro, toda a intensidade lírica que contén,

e parece que todo se tingue desa nivea luz e que non haxa escuridade nin abismo aos que non poida chegar. A luz desterra para sempre a morte e as palabras fanse mensaxeiras dela, pois nacen preñadas do “lume do ceo”. As sílabas fixéronse carne, a carne fíxose sílabas, a luz inundou no todo, de tal xeito que os versos só poden ser mensaxeiros da afirmación máis absoluta da vida e que –como cantara Quevedo– hai algo máis forte que a morte, un ardor que “ perdura/ alén do alén da se-

pultura”, fermosa aliteración cuxa musicalidade de fonemas líquidos e vibrantes abre coma levedante e lixeira á que pode voar alén das idades.

O poeta non se engana, coñece a voz dos mortos, o perfume mortal das flores, pero polo mesmo quere recuperar os tesouros agochados, os que quedaron sulgados baixo as augas do recordo; quere sobreporse a ese destino mortal para falar “ polos anos dun idioma infinito” e sumarse amorosamente a toda a creación, pois ata “as chuvras e os relampagos son letras do meu nome”.

Un sentimento de totalidade, de panteísmo dionisiaco enche o poemario: as mans xúnguense co ceo, os ollos fanse garzas, o sangue, pinga a pinga, pode escribir todas as bibliotecas do mundo ou todas elas están no sangue; os dedos son fontes, o corpo e mapa e a infancia deixaron a inmensa parede para encher cos grafitis das palabras. Vida e morte están comunicadas; o poeta quere mastigar a terra, que afoga aos mortos, para que estes respiren e se bauticen de xúbilo. Pois non hai amor que non teña afán de eternidade e aínda que “queima os dicionarios”, un pode facer doazón de si para que revivian os antergos.

*RAÑA, Román, O incendio das palabras, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2009, PVP 12 €*

